



A CONTA ATRÁS


CARLOS PORTELA

SERGI SAN JULIÁN





A CONTA ATRÁS
EDICIÓN GALEGO
200 páxinas, cartoné.
170x240 mm. Cor.
978-84-19351-82-1
PVP: 23,5 €
Xa á venda.



LA CUENTA ATRÁS
200 páxinas, cartoné.
170x240 mm. Color.
978-84-19351-81-4
PVP: 23,5 €
Yá a la venta.

A CONTA ATRÁS

NOVELA GRÁFICA

Guion: **Carlos Portela**
Debuxo: **Sergi San Julián**

DOBLE EDICIÓN EN CASTELÁN E GALEGO.

Transcorreu un ano des que o accidente dun petroleiro causou unha gran marea negra. Otero, subsecretario de Pesca do goberno autonómico, presenta ante os medios de comunicación unha campaña publicitaria que anuncia a recuperación da costa e do sector pesqueiro. En realidade, trátase dun exercicio de manipulación informativa que busca acalar as críticas á xestión política da catástrofe ecolóxica. Mariñeiros, xornalistas, comerciantes e voluntarios son os outros grandes actores deste drama coral, que gaña en matices e profundidade a medida que o desenvolvemento da historia, relatada en sentido inverso, se desprega perante o lector.

Coincidindo co vixésimo aniversario da catástrofe do Prestige, a lectura de **A conta atrás** é un remedio perfecto para evitar que se cumpra a máxima segundo a cal "os pobos que esquecen a súa historia están condenados a repetila". Asinada por **Carlos Portela** e **Sergi San Julián**, esta novela gráfica preséntase a través dunha nova edición que ademais de incluír a segunda parte da obra, até agora inédita, contén un prólogo do novelista **Manuel Rivas** e un epílogo do historietista **Miguelanxo Prado**, así como abundante material adicional que profundiza na xénese e no desenvolvemento deste proxecto.

Autores dispoñibles para a realización de entrevistas.
Contacto: prensa@eccediciones.com

CARLOS PORTELA



Carlos Portela (Vigo, 1967). A traxectoria deste guionista nace da transversalidade de dous mundos: o audiovisual e a banda deseñada. Para a novela arte realizou obras como *Impresiones de la isla*, con **Fernando Iglesias**; *Los Heresiarcas*, debuxada por **Das Pastoras**; ou *Gorka*, formando equipo creativo con Iglesias e **Sergi San Julián**.

Xunto a **Purita Campos** iniciou *Las nuevas aventuras de Esther*, que supuxo o regreso do icónica personaxe de banda deseñada e que derivo una publicación de tres libros e dúas novelas: *Esther cumple 40* e *A elección de Esther*.

Na súa bibliografía tamén destaca **A conta atrás**, obra creada xunto a Sergi San Julián que, inspirada na catástrofe do Prestige, foi galardoada co II Premio de novela gráfica social da Fundación Divina Pastora.

Os seus proxectos máis recentes dentro do eido da banda deseñada son *No a menos de 1000 pies de distancia* e o final de *Las nuevas aventuras de Esther*, que debuxarán **Keko** e **Aneke**, respectivamente.


No seu currículo audiovisual hai que destacar o seu traballo no *Xabarín Club*, programa icónico da CRTVG, ou a coordinación de guión de *Historias de Galicia*. Non obstante, a meirande parte da súa carreira realizouna creando guións para series de televisión como *Las chicas del cable*, *Velvet Colección*, *Hierro*, *Velvet*, *A lei de Santos*, *Bajo sospecha*, *Auga seca*, *Hospital Real*, *Padre Casares* ou *Matalobos*. Actualmente traballa en Secuoya Studios desenvolvendo a serie *Zorro*. Tamén é subdirector de Viñetas desde o Atlántico, festival de banda deseñada da Coruña.



SERGI SAN JULIÁN

Sergi San Julián (Barcelona, 1973) deuse a coñecer ao gran público con *Gorka* (Camaleón Ediciones), serie de fantasía heroica que iniciou en solitario e continuou coa colaboración de **Albert Monteys**. Máis tarde, retomou o personaxe nunha miniserie escrita por **Carlos Portela**, con **Fernando Iglesias** (Kohell) realizando os *storyboards*.

Ao longo dos anos participou en sagas creadas por outros autores: en *Fanhunter: Celsquest* (Ediciones Fanhunter), con guion de **Roke González** e cor de **Oriol San Julián**, e *Los Reyes Elfos: Historias de Faerie II* (Dolmen), onde debuxou unha historia escrita por **Víctor Santos**.



Para o mercado francobelga debuxou *Interface* (Dargaud), con guion de **Dominique Latil** e cor de Oriol San Julián. E colaborou co guionista **Xavier Morell** na miniserie *Lunita* (Amigo Cómics), publicada en EE.UU.

Traballa de forma habitual coa axencia Comicon, para a que realizou a serie *Technomage* (Carlsen) con **Josep Maria Polls**, **David Parcerisa** e Oriol San Julián. Ademais, colaborou en *Micky Maus* e *Power Rangers*, e creou xunto a **Alexis Capera** *The Staff*, serie de tiras cómicas sobre as vicisitudes da profesión.

A súa obra como humorista gráfico tivo difusión en diversos xornais, revistas de humor e publicacións alternativas: *Kale Gorria*, *Ardi Beltza*, *Avant*, *Setmanari de Comunicació Directa*, *l'Accent* o *El Jueves*.

Na súa bibliografía ocupa un lugar moi destacado **A conta atrás**, novela gráfica escrita por Carlos Portela que por fin se publica de forma íntegra no presente volume.

Hai vinte anos, 2002

Novembro. O petroleiro Prestige parte en dous fronte á costa galega. O que se afirmou que eran "unos pequenos hilillos de plastilina" resultou ser un dos desastres medioambientais máis graves dos que viviu a costa galega.

Hai quince anos, 2007

Agosto. Unha preciosa foto de praias limpas e paradisíacas abre a lectura da primeira parte d'**A conta atrás**, onde **Carlos Portela** e **Sergi San Julián** contan a historia do afundimento dun petroleiro fronte á costa dunha vila chamada Caldelas.

Segundo a propaganda oficial, cinco anos despois, as praias están limpas, mais lendo o voso álbum parece coma se aínda non se quitase o chapapote da sociedade galega.

Carlos Portela: Ante unha catástrofe tan gorda o que a xente quere é esquecer, tirar para adiante. Si que hai, e segue a haber, efectos colaterais que pouco e pouco van aparecendo na natureza: desaparición e transformación de especies que van afectar a economía e forma de vida en Galicia. É verdade que para o turismo, superficialmente, está limpa, mais hai cousas que o bater do mar non limpa.

Cando lle comentei a posibilidade de facer este álbum a máis xente, dicíame que mellor non falar agora, que hai que pasar páxina. É verdade que é a primeira vez que houbo un movemento cidadán deste calibre, que é a primeira vez que a xente sae á rúa protestar desta forma, pero o problema é que quedamos niso.

Guionista galego e debuxante catalán. A distancia fai que a perspectiva sexa diferente?

Sergi San Julián: Non é exactamente certo. Si é verdade que o vivín a distancia, pero con bastante amargura. Cando pasou, Carlos e mais eu chamábonos constantemente e moitas das vivencias que plasmou no tebeo eu xa as coñecía dalgunha maneira. Non as vivín en primeira persoa, mais si as vin a través dos ollos de Carlos. Quizais a vantaxe que tiveren nese aspecto é que esa distancia permitiume non caer en clichés á hora de representar os personaxes.

Un dos aspectos que primeiro salta á vista na lectura d'A conta atrás é esa elección de ir cara a atrás no tempo. Unha estrutura que parece que busque causas, mais na que se salva unha interpretación maniquea, de busca de culpables.

Portela: Eu non creo que haxa culpables. Rompeu o petroleiro e iso pódelle pasar a calquera goberno, non é culpa del, iso é evidente. O problema é como se xestiona, e aí si que penso que houbo un problema, é polo que a xente se anoxou e saíu á rúa. A historia ten por iso ese ton de fábula: é Galicia, parece Galicia, pero pode ser calquera outro lugar. Vaíamos ás causas e, sobre todo, ao que me interesaba, a seguir o tecido dos actores desta traxedia, desde o político que lle toca estar no poder até a xente da vila, pasando polos xornalistas. Non, non, ese tipo de cousas non as creo, creo no gris cando falamos de persoas. Non hai personaxes malignos ao Fu-Manchú, non os hai. É verdade que non sabíamos que pasaba, que houbo moita desinformación, pero eu teño unha gran fe na incapacidade humana máis ca na existencia de plans mestres. Mais tampouco vítimas absolutas: todos tomamos decisións e estas carrexan consecuencias.

Eu intentaba esa fotografía de todo o proceso, a análise das causas. Todos coñecemos a historia, mais agora tiñamos que buscar as causas a todo este tipo de comportamentos. Pasou todo isto e o lector debe tirar as súas propias conclusións. Coa historia cara a atrás busquei ese efecto. Procurei na literatura ou no cine e sempre atopei a constante de que é unha estrutura para analizar as causas. Corría o perigo de que non se entendese, mais tratando un tema que a xente coñecía tiña a ancoraxe da realidade en todo momento. E é unha historietta: sempre tes a opción de volver cara a atrás.

San Julián: Si, pero en todo momento hai unha visión do malo ou bo. Dáselle ao lector a oportunidade de xulgalas, pero hai un xuízo previo. O intento de Carlos é dar unha visión panorámica de todas as interaccións e de como as accións de un provocaron as reaccións doutros. Non nos decatamos, pero é verdade que se comeza cunha serie de tópicos, de arquetipos que forman un territorio común e crean unhas expectativas que permiten desenvolver a historia dunha maneira diferente.

Aínda que non haxa culpables, tampouco hai inocentes. De feito, dunha forma ou doutra criticábase a todos os que participaron na catástrofe.

Portela: Si, dixéronmo, pero coido que ao seu xeito todos teñen momentos de heroísmo. O problema é que, nunha catástrofe deste tipo, é moi difícil que todo

remate ben. Pódese ir á praia e está limpa, pero segue habendo unha bostela de chapapote por debaixo e non se puxeron os medios para evitar que volva pasar. Hai damnificados, e todos, incluso aos que aparentemente lles sae todo ben, quedaron tocados. Unha situación tan extrema colócate en tesituras que sacan o mellor e o peor de cada un.

San Julián: Eu penso que hai un xuízo claro por parte de Carlos: imos sentar para pensar no que pasou, por que pasou, Carlos é moi galego nisto. É un pobo increíble, pero teñen unha forma de ser —vanme matar por dicir isto— un pouco autodestrutivo, que quizais non temos en Barcelona ou en Madrid. Por iso quizais todos os actores deste drama levan a súa crítica particular.

Todos agás a cooperante, Anna. Foron os voluntarios os únicos inocentes deste drama?

Portela: Si e non. Si non sentido de que o movemento do voluntariado foi alucinante e espontáneo. Unha cousa da xente, que saíu do corazón do pobo aínda que algúns partidos intentasen aproveitalo. Aínda que fíxate tamén en que hai outros personaxes que son ben tratados, como o xornalista ou a muller do protagonista. De feito, é a máis sensata de todo o álbum, é realista: vives nun ambiente determinado e es consciente das túas contradicións. Outra cousa é que a situación non lle permita chegar a unha fin marabillosa.

San Julián: Iso foi unha discusión que tive con Carlos: "esa foi a única que deixaches con cabeza". A verdade é que a xente agradeceu moito este movemento espontáneo, aínda que se podería xogar, ao mellor, co feito de que había moito burguesiño con tempo libre, pero a fin de contas foron os únicos que fixeron o correcto. Iso si, sálvase moralmente, pero tamén recibe o seu pau...

Quizais o único actor que non aparece na trama é o silente, aqueles que viviron a catástrofe, pero nunca dixeron nada, que non falaron nin se manifestaron, só víron o que contaban os medios de comunicación.

Portela: Claro, hai cousas que quedan fóra, pero por unha cuestión de espazo, son vinte e tantos personaxes con peso. Falta tamén a xente da cultura que se implicou desde fóra, a da oposición, que tampouco fixo moito... Hai para todos. Todos tivemos responsabilidade por acción ou por inacción. Eu céntrome nalgúns personaxes, pero é moi difícil facer un fresco dunha situación que toca toda a sociedade.

Pese a que todo transcorre na imaxinaria Caldelas, é imposible non pensarmos no Prestige e en Galicia. Foi moi difícil separar unha cousa da outra?

San Julián: Eu traballei con documentación de Galicia, de Muxía, Caldelas é Muxía e Muxía é Caldelas. Non obstante intentabamos amosar que pode pasar en máis países, é máis, pode ter moita forza noutros países onde pasou algo similar. Quizais o máis doado fose localizalo noutro lado recoñecible, ou indo a xéneros, pero nós usamos esa documentación para crear un lugar novo.

Portela: Pasou en Inglaterra, en Grecia, nos EUA... A min o que me interesa é que isto pode volver pasar e como nos comportamos as persoas, porque á hora da

verdade todos intentan sacar partido da situación ou botar balóns fóra e moi pouca xente intenta solucionalo e que non volva pasar.

Utilizades a historieta cunha clara vocación de medio social, pero é evidente que, polo menos no caso de Carlos, guionista do álbum, hai moito máis. Non é así?

Portela: Eu lembraba as palabras de **Max** cando fixo o primeiro *Nosotros Somos Los Muertos*, o que se distribuíu fotocopiado no Salón de Barcelona: "todos temos unha responsabilidade". Ás veces o corpo pídeche sacar o que vives. E como me expreso mellor é coa historieta. Chegouse a pensar tamén nunha longametraxe, pero coido que como mellor se pode amosar esta historia é co cómic.

Hoxe, 2022

Maio. Vivimos nunha pandemia que parece non ter fin. A pantasma da guerra nuclear volve estenderse polo mundo.

Pasaron vinte anos do desastre do Prestige. Cinco anos despois daquel desastre publicastes a primeira parte dunha obra que quedou inconclusa durante esas dúas décadas. É unha boa metáfora dunha catástrofe que aínda non pechou as feridas, non si?

Portela: Aínda que non foi intencionado, o certo é que si. O libro tiña que rematarse un ou dous anos despois do primeiro, pero por circunstancias da vida non puido ser.

San Julián: Supoño que nunca fomos un pobo demasiado amante dos peches. Quizais por iso sempre andamos coas feridas abertas, dispostos a furgar nelas á primeira oportunidade. É un xeito coma calquera outro de enfrontarse á realidade ou de afastarse dela.

A lectura hoxe desta obra resulta quizais dolorosa ao constatar que as ficcións que presentades se converteron nun recordo sobrepasado pola historia real, que a política conseguiu limpar con moita máis eficacia a súa xestión ca as praias. Tería sentido engadir un capítulo de preámbulo no presente ou o Prestige xa é definitivamente historia?

Portela: Aproveitando o paso do tempo e a resolución xudicial en torno ao caso, pensamos que viría ben un epílogo varios anos despois. Nel repasábase o momento no que os distintos protagonistas da historia sabían dela. Pasaran sete anos e cada un estaba nun momento vital moi distinto aos do principio/final do libro. E si, efectivamente falaba diso. Dubidamos moito se incluílo ou non porque, en realidade, rompe a estrutura do libro, pero coido que queda ben como extra.

Dalgún xeito, co'A conta atrás adiantástesvos ao xénero do xornalismo gráfico que tanto desenvolvemento tivo nos últimos anos, pero optando pola ficción. Pese a que non é difícil establecer relacións coa realidade, é a ficción do ocorrido o mellor xeito de enfrontarse ao trauma, como dicía

Hannah Arendt? Quizais é o mellor xeito de provocar unha reflexión que segue a rexeitar a política?

Portela: Para min, desde logo, si. Aínda que traballei durante anos en xornais e na televisión, a ficción é o meu eido preferido e no que máis experiencia teño. Coido que che permite unha mellor construción do relato porque podes servirte dunha estrutura narrativa particular, coma neste caso, ou crear personaxes nos que se fundan varias persoas. Se foses fiel á realidade, sobre todo no tocante a número de personaxes e peso real de cada un na historia, levaríate a un libro de mil páxinas, que, ademais, non coido que tivese o mesmo impacto sobre o lector.

San Julián: Non o sei. Sempre pensei que o mellor xeito de enfrontarse á realidade é... enfrontarse á realidade. O que mellor expuxo o drama petrolero non foron os tebeos ou a literatura, senón o propio desastre, a incompetencia dos encargados de xestionalo e os miles de voluntarios chegados de todo o territorio. Primeiro foi a acción e despois veu a reflexión.

Á xente non lle cumpriu ningunha ficción para reaccionar, aínda que quizais a necesite hoxe para mirar para atrás, verse a si mesmo desde outro punto de vista e alcanzar unha mellor comprensión do que viviu en primeira persoa.

Os EPI que lles viamos aos voluntarios que traballaban nas praias de Muxía son hoxe imaxinaria común da pandemia e incluso da corrupción que emerxeu rápido para se aproveitar do desastre. Tamén houbo aproveitados que gañaron co desastre do Prestige?

Portela: Si, aínda que daquela non se investigou tanto coma agora porque era algo novo e non se prolongou no tempo nin houbo que abastecer todo o país. Sen dúbida sería outro elemento que engadir.

San Julián: Sabendo o ben engraxado que está o sarillo público-privado, o estraño sería o contrario, non cres?

Corremos perigo de afacernos á ficcionalización da realidade, confundindo a realidade que vemos no noticioso como un episodio máis dunha serie famosa que emite algunha plataforma?

Portela: É moi posible. Cada día achegámonos máis a 1984 e aos mundos descritos por **Dick**. Non é exactamente como **Orwell**, **Huxley** ou o propio **Dick** o describiron, pero non ían mal encamiñados. En parte é o resultado da sobreinformación, a manipulación das redes sociais e a cultura da inmediatez, entre outras cousas.

San Julián: A min preocúpame máis a segmentación e o reforzo dos nosos nesgos. Antes tiñamos tres cadeas, dous xornais e catro programas de radio (é un dicir) que ofrecían unha visión máis ou menos cabal da realidade: podíache desagradar e podíalo até combater, mais era un terreo compartido desde o que distintos xeitos de entender a realidade podían discutir. Agora, non obstante, os algoritmos son tan eficientes que cadaquén pode pechase na súa propia burbulla informativa. O resultado diso é a atomización social e lévanos a confundir a realidade coas opinións dos nosos círculos de afinidade.

A sensibilidade medioambiental parece gañar terreo grazas á indubidable realidade dunha emerxencia climática que deixa cada vez en evidencia a súa inevitabilidade. O cómic foi un medio militante no lado que avisaba do que estaba por vir (lembramos o Valerian d'A cidade das augas turbulentas ou as historietas de Caza en Metal Hurlant). Segue sendo unha potente ferramenta de divulgación da necesaria implicación da sociedade na defensa do medio ambiente?

Portela: Necesaria, desde logo. Potente, non o sei. Cadaquén fai a súa achega como pode. Eu son dos que pensan que os libros, dun xeito ou doutro, permanecen. E que hai historias que, coma esta, hai que contar porque temos moi pouca memoria. Aínda que só sexa por iso.

San Julián: Regreso ao da realidade que comentaba máis arriba. Existen tebeos con sensibilidade medioambiental porque hai un poderoso movemento na nosa sociedade que empurra nesa dirección. Non somos correa de transmisión de ninguén, pero é obvio que recollemos parte dese malestar porque moitos outros antes ca nós tomaron a molestia de saír á rúa a denunciar a insustentabilidade do actual modelo económico.

Nos 15 anos que pasaron desde que fixestes esta obra mudou profundamente a sociedade en moitos aspectos: a aparición das redes sociais mudou radicalmente a xestión do activismo social. O 15-M, a fin do bipartidismo, o aumento desorbitado da confrontación, a xeneralización das fake news... Pensades que o resultado hoxe sería moi diferente do que tivo lugar hai 20 anos?

Portela: Sen dúbida. Non me atrevo a especular cal sería, pero sería diferente. Agora as cousas teñen un impacto máis rápido e global e, de igual maneira, a súa importancia dilúese antes. A pesar de que as redes xogan un papel fundamental na difusión das cousas, tamén as banalizan. Coido que moitas veces cun simple *like* tranquilizamos as nosas consciencias. E iso é moi perigoso porque nos leva á inacción. O Metaverso pode ser moi interesante, non o nego, pero a min interésame moito máis o mundo real. É o único que temos.

San Julián: Non vexo grandes cambios, senón máis ben tendencias agravadas pola crise, a covid, a guerra, etc. Xa existía en nós esa crenza de que podíamos reducir a nosa participación social a un voto cada catro anos, ou a democracia ao que un señor nos regalou hai corenta. A cultura do *clickbait* non é máis ca a versión con esteroides dunha tendencia de máis longo alcance.

Non obstante, e aínda que son un pesimista político, no fondo son un optimista social: a xente deste país adoita sacar o mellor dela cando os nosos gobernos nos meten en calellas sen saída. Á espera estou do seguinte ciclo de saturación.

ÁLVARO PONS